



AGRUPACIÓN
ELECTORES
DE REDONDELA

No pleno correspondente a agosto do 2014, celebrado a primeiros de setembro, tratáronse 3 mocións de cada un dos partidos tradicionais (PP, PSOE, BNG) sobre a posible reforma electoral.

No páxina web e no Facebook do BNG atopamos unha nota sobre este debate na que se afirma:

*“Alfonso Blanco, concelleiro de AER, sorprendeu argumentando que **non ían debater esta moción** por tratarse dunha cuestión que se vai decidir fóra de Redondela, **non considerando necesario tomar partido.**”*

Temos que aclarar que o noso voceiro, o que propuxo na primeira intervención (min. 16) foi deixar estas mocións sobre a mesa porque non existía ningún borrador de lei sobre dita reforma, senón só ruxe-ruxes. Despois pasaron a debater as mocións, e a debater sobre medidas de rexeneración democrática, tan de moda hoxe en día. Medidas de rexeneración democrática, de transparencia e participación como as que AER propuxo no pleno varias veces, pero que os tres partidos, PP, PSOE e BNG, se negaron a apoiar.

Como xa dixemos en varias ocasións, e a ver se lle queda claro dunha vez tamén ao señor Reguera, AER non renuncia a presentar e debater este tipo de mocións, pero pensamos que non se debería adicar máis tempo a estas propostas que ás propostas de Redondela, nin deberían debaterse a costa de non ter tempo para falar e debater sobre as competencias do Concello, nin a costa de non ter tempo para fiscalizar a actividade do goberno local.

No debate das mocións, á parte de falar sobre a lei electoral, o voceiro de AER falou de propostas para unha verdadeira rexeneración democrática, para un funcionamento moito máis democrático participativo do noso Concello, como son a transparencia nas contratacións e na xestión do goberno local, e o funcionamento dos consellos e das comisións para unha correcta participación.

Sorprende entón que o BNG diga que o noso concelleiro afirmou que non ía debater esta moción, porque nin dixo nin fixo tal cousa. Tamén sorprende que o BNG diga que Alfonso Blanco “Pochi” afirmou que non consideraba necesario tomar partido, porque nin o dixo nin o fixo. De feito, a Agrupación de Electores de Redondela foi o único grupo político que tomou partido apoiando a súa moción, como así recoñecen na súa nota.

Non sabemos se teñen falta de comprensión oral ou será que volven empregar a mentira e a manipulación para tentar atacar a esta agrupación.

Deixámosvos os enlaces da nota do BNG e do vídeo do pleno para que vós mesmo o valoredes.

<http://redondela.tv/2740/mocion-triple-de-reforma-da-lei-electoral/>

<http://bng.gal/redondela/2014/09/22/debate-no-pleno-sobre-a-reforma-electoral/>